

UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Sesión extraordinaria do 21 de marzo de 2011

<p>Asistentes</p> <p>María Lameiras Fernández Enrique Barreiro Alonso María Elisa Alén González Pedro A. Araújo Nespereira Mercedes Suárez Pazos M<sup>a</sup> Elisa Alén González Miguel A. Michinel Álvarez Milagros Cavada Nieto Manuel Arias Estévez M<sup>a</sup> Carmen Enríquez Salido Florentino Fernández Riverola M<sup>a</sup> B. Vaquero Díaz Silvia Carrera Álvarez Jonathan Domínguez Rodríguez Abrahm Herrero Menor Iago Montoya Rodríguez Luis Pérez Gómez Filemón rivas Conde</p>	<p>No Salón de Graos do Edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes citados á marxe, réunese o Consello de Campus de Ourense en sesión extraordinaria o día 21 de marzo de 2011, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte</p> <p>Orde do día:</p> <p><b>Punto primeiro::</b>Constitución do Consello de Campus e designación do secretario/a.</p> <p><b>Punto segundo::</b>Posicionamento do Consello de Campus en relación ao pedimento de dous graos en Turismo para a Universidade de Santiago de Compostela.</p> <p><b>Punto primeiro::</b>Constitución do Consello de Campus e designación do secretario/a.</p> <p>O Consello de Campus constitúese e acorda por asentamento adiar a designación do secretario/a á próxima reunión ordinaria.</p> <p><b>Punto segundo::</b>Posicionamento do Consello de Campus en relación ao pedimento de dous graos en Turismo para a Universidade de Santiago de Compostela.</p> <p>O Consello de Campus acorda por asentamento apoiar a solicitude da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para que non se someta a aprobación a creación das titulacións de <i>Grao en Turismo: Cociña e Grao en Turismo: Xestión e Dirección de Empresas Hostaleiras</i>, até que se abra o mapa de titulacións do Sistema Universitario Galego.</p> <p>D<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos, D. Luis Pérez Gómez, D. Enrique Barreiro Alonso, D. Pedro Araújo Nespereira e D<sup>a</sup> Milagros Cavada Nieto declaran estar dacordo co escrito da Xunta de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e coinciden ao considerar moi moderado o texto da solicitude, ao tempo que condean o procedemento utilizado para levar ante o Parlamento de Galicia a proposta de creación dos</p>
--	---



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

	<p>devanditos graos en Turismo.</p> <p>D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Enríquez Salido advirte do uso incorrecto da expresión “ao abeiro” no texto e suxire a conveniencia de cambiala por “ante”.</p> <p>E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:00 h.</p> <p>A Presidenta Accidental                      A Secretaria Accidental</p> <p>Asdo.: María Lameiras Fernández                      Asdo.: M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Díaz</p>